

Traballo de grupo A C

ILLA _____

CREACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

1.- Orientación da illa. Definición do relevo. Análise dos elementos naturais e os seus condicionantes. Descrición do medio natural: re/creación dunha paisaxe, citando aspectos climáticos, xeolóxicos, bioxeográficos, etc.

2.- Calificación do solo en coherencia co anterior, segundo as seguintes categorías:

- solo urbano	AZUL ESCURO
- solo urbanizable	AZUL CLARO
- núcleo rural	LARANXA
- solo rústico de protección ordinaria	VERDE CLARO
- solo rústico de especial protección	VERDE ESCURO

- Se no solo urbano, queredes sinalar a subcategoría de solo industrial, este marcarase en AMARELO

Incluír a lenda no mapa

3.- Sinalización de infraestructuras viarias

– pavimentadas	GRIS
– carreiros sen pavimentar	CASTAÑO

4.- Descrición dos aproveitamentos económicos e obtención de enerxía a partir de recursos renovables

5.- Creación do plano dos núcleos urbanos da illa indicando os servizos públicos cos que conta. Indicar a tipoloxía das construcións e os límites edificatorios.

6.- A paisaxe da illa é de alto valor ambiental e patrimonial. Deberedes deseñar, situar no mapa e describir unha rede de itinerarios para coñecela mellor quen a queira visitar. Ademais sinalaredes cales son e onde están os elementos patrimoniais, tanto rurais, naturais, con valor histórico e cultural.

Lembrede que:

- as condicións son que na illa viven de xeito estable en torno a 3000 veciñas e veciños e todo o solo é de carácter comunal, a veciñanza é propietaria do solo e os seus recursos, non existe a propiedade individual
- está habitada desde tempos moi antigos; na costa, a 15 km da illa existe un núcleo vilego de 15000 habitantes.
- historicamente a veciñanza aproveitou os recursos do mar, da costa e do monte
- o Concello réxese por un goberno democrático que recolle as decisións da Asemblea de Comuneir@s
- o entorno ambiental responde ao da costa de Galicia (Área paisaxística das Rías Baixas)
- todas as decisións territoriais e paisaxísticas que se levan a cabo na illa respectan a legalidade urbanística e seguen un modelo de economía sustentable e circular, na medida do posible.

Deberedes incluír unha MEMORIA (5 folios como máximo) na que se reflictan os diferentes apartados do PXOM , nos que se recollan tamén os argumentos das vosas decisións.

Data final de entrega: 13 de febreiro de 2020

AVALIACIÓN:

- Calidade da presentación do traballo
- Seguimento do guión
- Comprensión dos conceptos, aplicación correcta, coherencia do PXOM
- Calidade da argumentación na Memoria
- Orixinalidade no modelo de xestión do territorio
- Corrección sintáctica